

1ª. Explica as **causas** da primeira guerra mundial, as **características** do conflito (contendentes, evolución das tácticas militares e do armamento) e as **consecuencias de todo tipo** (económicas, sociais, políticas, demográficas e culturais) partindo das orientacións dadas polo profesor na aula, dos contidos do libro de texto, que debes sintetizar individualmente e da procura de información en grupo nos sitios de recursos sobre a primeira guerra mundial (comic, videos, fotos e novas investigacións) que ofrecen os xornais [El País](#) e [El Mundo](#). Procede do xeito que segue.

- a) Selecciona catro *páxinas* (das sinaladas nese artigo) pola claridade e calidade da súa información. Sintetiza nun máximo de 5 liñas a información relevante de cada unha delas.
- b) Compara o contido deses sitios virtuais. Razona cal che parece o mellor.
- c) Procura un máximo de 3 imaxes (mapas, fotos, gráficas, secuencias de películas, etc) que complementen esa información.
- d) Elabora un informe final nun máximo de 3 páxinas (PDF ou presentación) que deberes defender na aula e presentar ao profesor.

2ª. Visiona os fragmentos das películas [Sin novidade na fronte](#) e [Sendeiros de gloria](#) dispoñibles na Rede. Elabora unha síntese do contido, comparando as visións que ofrecen as dúas da vida dos soldados nas trincheiras e na [retagarda](#). Resposta ás seguintes cuestións:

- a) Valora a claridade da trama argumental.
- b) Salienta as 3 escenas ou secuencias que máis che impresionasen de cada unha, indicando as razóns da túa escolla.
- c) Elabora un cadro no que recollas os valores e actitudes que critican ambas as dúas películas e aqueloutros que louban. Salienta os personaxes que representan eses comportamentos e actitudes. Razona si corresponden coa mentalidade que conduciu á grande guerra ou a da posguerra.

3ª. Explica a participación do Imperio Otomano na Primeira Guerra Mundial e as consecuencias para os pobos que o formaban. Describe as causas e as características do xenocidio do pobo armenio perpetrado polos militares turcos partindo dos contidos traballados na aula e dos artigos dispoñibles na Rede xa facilitados polo profesor.

- o concepto de [xenocidio](#) e a súa aplicación ao caso armenio:

[http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/23/actualidad/1429808066\\_866830.html](http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/23/actualidad/1429808066_866830.html)

- as [claves do xenocidio armenio](#):

[http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/22/actualidad/1429718492\\_977293.html](http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/22/actualidad/1429718492_977293.html)

- As [consecuencias do xenocidio perpetrado sobre a poboación armenia](#):

[http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/22/actualidad/1429720508\\_956291.html](http://internacional.elpais.com/internacional/2015/04/22/actualidad/1429720508_956291.html)

3ª. Explicade o significado da seguinte imaxe partindo de todos os coñecementos xa acadados e da información que atopedes na Rede sobre as madiñas de guerra e a [correspondencia cruzada](#) entre os soldados e esas mulleres durante a 1ª Guerra Mundial.



5/2/18, Francia, por la noche.

Cariño mio,

Ahora, si no hay problemas, vas a saber todo acerca de lo que ocurre aquí. Sé que te llevarás una gran sorpresa cuando te llegue esta carta... ¡Si alguna autoridad la ve! ... Quizá te gustara saber como está el ánimo de los hombres aquí. Bien la verdad es que (y como te dije antes, me fusilarán si alguien de importancia pilla esta misiva) todo el mundo está totalmente harto y a ninguno le queda nada de lo que se conoce como patriotismo. A nadie le importa un rábano si Alemania tiene Alsacia, Bélgica o Francia. Lo único que quiere todo el mundo es acabar con esto de una vez e irse a casa. Esta es honestamente la verdad, y cualquiera que haya estado en los últimos meses te dirá lo mismo. De hecho, y esto no es una exageración, la mayor esperanza de la gran mayoría de los hombres es que los disturbios y las protestas en casa obliguen al gobierno a acabar como sea. Ahora ya sabes el estado real de la situación.

Yo también puedo añadir que he perdido prácticamente todo el patriotismo que me quedaba, solo me queda el pensar en todos los que estáis allí, todos a los que amo y que confían en mí para que contribuya al esfuerzo necesario para vuestra seguridad y libertad. Esto es lo único que mantiene y me da fuerzas para aguantarlo. En cuanto a la religión, que Dios me perdone, no es algo que ocupe ni uno entre un millón de todos los pensamientos que ocupan las mentes de los hombres aquí.

Dios te bendiga cariño y a todos los que amo y me aman, porque sin su amor y confianza, desfallecería y fracasaría. Pero no te preocupes corazón mio porque continuaré hasta el final, sea bueno o malo ( ...)

Laurie